

ORDENANZA 4.31

PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, IMPRESOS E PUBLICACIÓNS; E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, CURSOS OU SIMILARES

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co 41, ambos da lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola venda de libros, impresos e publicacións; a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

Artigo 2º. Concepto

- 1.- O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente adquiren os libros, impresos ou publicacións, e os que participen nas prestación dos servicios ou a realización de actividades desenvolvidas nas xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza:

- 1.- Os que adquiren os libros, impresos ou publicacións.
- 2.- Quen solicite ou se beneficie da prestación de servicios ou da realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares.

Artigo 4º: Cuantía

- 1.- O importe que se debe pagar ó Concello ou ó Auditorio pola venda de libros, impresos e publicacións; a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares será o que aprobe a Comisión de Goberno ou o Consello Directivo do Auditorio en atención ó custe dos mesmos.
- 2.- O Concello e o Auditorio poderán reducir o prezo que deben aboar os interesados, previo acordo da Comisión de Goberno ou do Consello Directivo do Auditorio, nos seguintes supostos:
 - a.- Distribución de libros, impresos ou publicacións entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias.

- b.- Distribución de libros, impresos ou publicacións entre departamentos municipais.
- c.- Participación en xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares por razóns de interese xeral; sempre que se garanta a cobertura do custe da actividade ou servizo.

Artigo 5º. Normas de xestión

- 1.- A obriga do pago do prezo público pola adquisición de libros, impresos ou publicacións nace no momento no que se adquira ou solicite a adquisición dos mesmos.
- 2.- A obriga do pago do prezo público pola participación en xornadas ou cursos e actividades culturais e lúdicas ou similares nace no momento da inscrición ou solicitude de participación nos mesmos.
- 3.- Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do Servizo ou Departamento responsable da publicación ou da prestación do servizo ou realización da actividade na que se xustifique documentalmente:
 - 3.1.- No caso de venda de libros, impresos ou publicacións:
 - a.- O custe total dos libros, impresos ou publicacións.
 - b.- O número de libros, impresos ou publicacións editados.
 - 3.2.- No caso de xornadas, cursos, actividades culturais e lúdicas ou similares:
 - a.- O custe total da actividade o servizo.
 - b.- O número estimado de asistentes ou participantes na actividade ou servizo.
 - 3.3.- En todo caso, se o prezo a aboar polos interesados é inferior o custe do servizo ou actividades, nos termos regulados no artigo 4.2 desta ordenanza, a proposta do Servizo ou Departamento responsable debe incluír a previsión da súa financiación.
- 3.- Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día dezoito de novembro de dous mil tres. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catro, e aplicárase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.